



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
AUGAS DE GALICIA - SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Antonio Breijo González solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.55101

As obras solicitadas consisten na construción dun muro de pedra de 10 m de lonxitude e 0,45 m de altura na zona de policía do rego das Congostras ou da Veiga, no lugar de Congostras, na parroquia de Santo Estevo, no concello do Vicedo (Lugo), nas fincas con referencia 8032406PJ0483S, 8032403PJ0483S e 8032404PJ0483S.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello do Vicedo (Lugo) ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 19 de maio de 2017.- A xefa do servizo territorial, Mª Carmen Quintero Serrano

R. 1469

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Enrique Vega Cando solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.54520

As obras solicitadas consisten na construción dunha vivenda unifamiliar na parcela 944 do polígono 32 do catastro (zona 0, agregado 0) na zona de policía dun regato innominado afluente do río Ouro, no lugar de Vilarmeá, na parroquia de Fazouro, no concello de Foz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 19 de maio de 2017.- A xefa do servizo territorial, Mª Carmen Quintero Serrano

R. 1470

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Begasa solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.54975

As obras solicitadas consisten na reestruturación de liñas eléctricas con dous cruces aéreos sobre o río Baos, substitución do C.T.C. Machuco e varios tramos das liñas eléctricas, na zona de policía do río Baos, no lugar de Machuco, na parroquia de San Xurxo, no concello de Lourenzá (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Lourenzá ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 15 de maio de 2017.- A xefa do servizo territorial, Mª Carmen Quintero Serrano

R. 1471

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 16 de maio de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo (expediente IN407A 2016/109-2, 8418 A T).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se describe:

- Solicitante: Begasa
- Domicilio Social: Ramón Mª. Aller Ulloa 9, 27003 Lugo
- Denominación: Reforma e telemando CD Manzano 1 (4641)
- Situación: concello de Lugo
- Características Técnicas:

1. Reforma do CT existente non prefabricado Manzano 1, cunha potencia máxima admisible de 630 kVAS. e unha potencia instalada de 630 kVAS, no cal se realiza o depósito de recollida de aceite, desmontaxe de embarrados, ferraxes e anteparos, construción dun anteparo de protección de transformador, pintado de paredes, chan e teito, bancada para soporte de celas SF6, montaxe dunha nova porta con reixa de ventilación. Instálanse dúas celas de liña, unha de protección do transformador, un circuito de terras interior, circuito de emerxencia e iluminación, armario de BT e ampliación.

2- Telemándanse dúas celas de liña correspondentes á LMT dirección CD rúa Mazaira e LMT CD rúa Fontes 2.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE núm. 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e na resolución do 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 do 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan dos Decretos 129/2015, do 8 de outubro (DOG núm. 194, do 9 de outubro) e 175/2015, do 3 de decembro (DOG núm. 232, do 4 de decembro) polos que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e tendo en conta o Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro,(DOG. núm. 22 do 1 de febreiro) sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción das ditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no seu proxecto e ás condicións técnicas e de seguridade

establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial e outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución cabe interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que xulgue pertinente ao seu dereito.

Lugo, 16 de maio de 2017.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo

R. 1472

Anuncio

Resolución do 16 de maio de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Viveiro (expediente IN407A 2016/96-2, 8405 A T).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se describe:

- Solicitante: Begasa
- Domicilio Social: Ramón M^a. Aller Ulloa 9, 27003 Lugo
- Denominación: LMT, novo CT O Batán e RBT en Chavín.
- Situación: concello de Viveiro.
- Características Técnicas:

1. LMT aérea a 20 kV con orixe no apoio 8 existente da LMT Centrais, derivación CTI Castañal e final no centro de transformación O Batán de caseta proxectado, cunha lonxitude de 20 metros en condutor tipo RHZ1-150.

2. CT prefabricado novo CT O Batán, cunha potencia proxectada de 250 kVAS e unha potencia instalada de 160 kVAS, relación de transformación de 20.000/400-230 V.

3. RBT soterrada, con orixe no novo CT O Batán e final nun paso aéreo a soterrado proxectado nun apoio de formigón, cunha lonxitude de 180 metros en condutor tipo RV.

4. RBT aérea, con orixe no paso aéreo a soterrado proxectado, cunha lonxitude de 925 metros en condutor tipo RZ.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE núm. 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e na resolución do 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 do 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan dos Decretos 129/2015, do 8 de outubro (DOG núm. 194, do 9 de outubro) e 175/2015, do 3 de decembro (DOG núm. 232, do 4 de decembro) polos que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e tendo en conta o Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro,(DOG. núm. 22 do 1 de febreiro) sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción das ditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no seu proxecto e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial e outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución cabe interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que xulgue pertinente ao seu dereito.

Lugo, 16 de maio de 2017.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo

R. 1473

Anuncio

Resolución do 16 de maio de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo (expediente IN407A 2016/108-2, 8417 A T).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se describe:

- Solicitante: Begasa
- Domicilio Social: Ramón M^a. Aller Ulloa 9, 27003 Lugo
- Denominación: Reforma e telemando CD Acea de Olga 1 (12795)
- Situación: concello de Lugo
- Características Técnicas:

1. Reforma do CT existente non prefabricado Acea de Olga 1, cunha potencia máxima admisible de 630 kVAS. e unha potencia instalada de 630 kVAS, no cal se reforma o depósito de recollida de aceite, desmontaxe de aparelaxe, ferraxes e anteparos, construción dun anteparo de protección de transformador, pintado de paredes, chan, teito e porta de entrada, protección do condutor MT/BT. Realízase un circuito de terras interior, circuito de emerxencia e iluminación, armario de BT e ampliación.

2- Telemándanse tres celas de liña correspondentes á LMT dirección Acea de Olga 18, LMT Acea de Olga 2 e LMT dirección Veterinaria 3.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE núm. 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e na resolución do 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 do 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan dos Decretos 129/2015, do 8 de outubro (DOG núm. 194, do 9 de outubro) e 175/2015, do 3 de decembro (DOG núm. 232, do 4 de decembro) polos que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e tendo en conta o Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, (DOG. núm. 22 do 1 de febreiro) sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción das ditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no seu proxecto e ás condicións técnicas e de seguridade

establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial e outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución cabe interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que xulga pertinente ao seu dereito.

Lugo, 16 de maio de 2017.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo

R. 1474

Anuncio

Resolución do 16 de maio de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo (expediente IN407A 2016/107-2, 8416 A T).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se describe:

- Solicitante: Begasa
- Domicilio Social: Ramón M^a. Aller Ulloa 9, 27003 Lugo
- Denominación: Reforma e telemando CD Mar Cantábrico (7463)
- Situación: concello de Lugo
- Características Técnicas:

1. Reforma do CT existente non prefabricado Mar Cantábrico, cunha potencia máxima admisible de 1250 kVAS. e unha potencia instalada de 630 kVAS, máis 250 kVAS, no que se realizan dous depósitos de recollida de aceite, desmontaxe de embarrados, aparamenta, ferraxes e mamparas, construción de dúas mamparas de protección de transformador, pintado de paredes, chan e teito, construción dunha ventá de ventilación na porta.

Instálanse dúas celas de liña, dúas de protección de transformador, un circuito de terras interior, circuito de emerxencia e iluminación, armario de BT e ampliación.

2- Telemandanse dúas celas de liña correspondentes á LMT dirección CD Manzano 2 e LMT. CD Mar Cantábrico 23.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE núm. 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e na resolución do 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 do 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan dos Decretos 129/2015, do 8 de outubro (DOG núm. 194, do 9 de outubro) e 175/2015, do 3 de decembro (DOG núm. 232, do 4 de decembro) polos que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e tendo en conta o Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro,(DOG. núm. 22 do 1 de febreiro) sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción das ditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no seu proxecto e ás condicións técnicas e de seguridade

establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial e outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución cabe interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que xulgue pertinente ao seu dereito.

Lugo, 16 de maio de 2017.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo

R. 1475

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO RECURSOS HUMANOS

Anuncio

O anuncio de convocatoria publicado no BOP n.º 123 de data 31/05/2017, co n.º de rexistro 1483 queda anulado para todos os efectos contando os prazos a partir desta publicación, BOP N.º 125 de data 02/06/2017 co n.º de rexistro 1483-2

PUBLICACION DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE MAIO DE 2017 AO OBXECTO DE APROBAR A CONVOCATORIA PARA PROVISTAR, MEDIANTE FUNCIONARIOS INTERNINOS, A PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL (GRUPO A/SUBGRUPO A2) E AS CORRESPONDENTES BASES ESPECÍFICAS.

Visto o contido do acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de 23/01/2015 sobre a convocatoria, entre outras, da praza de Técnico de Xestión Medioambiental (Grupo A/Subgrupo A2), así como as Bases xerais e específicas que rexerán os procedementos selectivos, mediante o sistema de concurso-oposición libre para a cobertura con funcionarios interinos de diversas prazas, entre as que se atopa a de Técnico de Xestión Medioambiental, ata tanto non se cubran con carácter definitivo ou deixe de ser necesario e urxente a súa cobertura transitoria ou se decida a súa amortización. O devandito acordo da Xunta de Goberno publicouse no Boletín Oficial da Provincia nº 021 de data 27/01/2015.

Vista a Sentenza nº 00226/2015 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo de data 15/12/2015 recaída no Procedemento Abreviado 0000085/2015 seguido a instancia do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, o cal interpuxo con data 24/03/2015 diante o devandito Xulgado o correspondente recurso contencioso-administrativo contra o acordo, anteriormente referenciado, da Xunta de Goberno da Deputación de data 23/01/2015. O fallo da Sentenza en cuestión sinala literalmente: "*En consecuencia, condénase á Deputación de Lugo a incluír no dito punto 5 das bases específicas, o título de enxeñería forestal na súa actual denominación de enxeñería técnica forestal e do medio natural, coa necesaria retroacción das actuacións do proceso selectivo no que se refire á provisión deste só posto*".

Vista a Sentenza nº 00135/2017 ditada pola Sección 001 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recaída sobre o Recurso de Apelación 303/16 interposto pola Deputación

Provincial de Lugo e por Dna. Andrea Macho Benito contra a Sentenza nº 00226/2015 de data 15/12/2015 ditada no procedemento abreviado 0000085/2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo en relación ao mencionado acordo da Xunta de Goberno desta Deputación de data 23/01/2015. O fallo da Sentenza nº 00135/2017 determina: *“Desestimar o recurso de apelación interposto por Dna. Andrea Macho Benito e a Deputación Provincial de Lugo e confirmar a sentenza apelada, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo de data 15 de decembro de 2015.”*

Visto o Decreto de data 08/05/2017 ditado pola Sección 001 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia polo que se declara a firmeza da Sentenza nº 135/2017 de data 07/03/2017.

Por todo o anteriormente exposto, e en execución da Sentenza nº 00226/2015 do Xulgado do Concencioso-Administrativo nº 2 de Lugo de data 15/12/2015, procede a adopción, pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, de acordo de aprobar a convocatoria ao obxecto de provistar, mediante funcionario interino a praza de Técnico/a de Xestión Medio Ambiental (Grupo a/Subgrupo A2) e da modificación das correspondentes bases específicas no tocante ao contido do seu punto 5, co alcance determinado no fallo na Sentenza nº 00226/2015 ditada polo o Xulgado do Concencioso-Administrativo nº 2 de Lugo de data 15/12/2015. En todos os demais extremos continuará vixente o contido da convocatoria aprobada pola Xunta de Goberno de data 23/01/2015 e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 021 de data 27/01/2015.

Por conseguinte, á Xunta de Goberno acorda a aprobación do contido seguinte:

Con fundamento no exposto con anterioridade; considerando que os motivos de excepcionalidade, necesidade urxente e inaprazables da incorporación deste efectivo está suficientemente xustificada no expediente instruído ao efecto e que se trata de prestar funcións de carácter prioritario; considerando que se cumpren as esixencias da normativa vixente, en particular os referidos ao artigo 20.Dous da Lei 48/2015 do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, en uso das atribucións que lle confire á Xunta de Goberno a Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 56, de 10 de marzo de 2011),

ACORDA:

1º.- Aprobar a modificación introducida nas Bases Específicas, aprobadas mediante acordo Xunta de Goberno de data 23/01/2015, por execución da Sentenza nº 00226/2015 ditada polo o Xulgado do Concencioso-Administrativo nº 2 de Lugo de data 15/12/2015, as que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre para a cobertura con funcionario interino da indicada praza mentres non se cubra definitivamente ou deixe de ser necesario e urxente a súa cobertura transitoria ou se decida a súa amortización.

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivo estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 23 de xaneiro de 2015 (publicadas no BOP nº 021 de data 27/01/2015).

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo co obxecto de provistar de forma interina a praza de Técnico/a de Xestión Medioambiental (Grupo A, subgrupo A2).

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver o procedemento selectivo.

Contra o presente Acordo, que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recuso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo no prazo de 1 mes dende a publicación do presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado contencioso-administrativo de Lugo no prazo de 2 meses dende a publicación da presente publicación na forma prevista na Lexislación reguladora da dita Xurisdicción, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se considere oportuno.

Praza Provincial de Lugo, 25 de maio de 2017.- O SECRETARIO, Cristobal Victor Fraga Bermejo.

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO CON CARÁCTER TEMPORAL Á PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A DE XESTIÓN MEDIO AMBIENTAL.

A) Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivo estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 23 de xaneiro de 2015 (publicadas no BOP nº 021 de data 27/01/2015).

B) BASES ESPECÍFICAS.

1.- **NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN:** 1

2.- **RELACIÓN XURÍDICA:** Funcionario Interino (art. 10.1.a) do EBEP, *“existencia de praza vacante cando no sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira”*).

3.- **NÚMERO PRAZA CONVOCADA:** 855.

GRUPO A, SUBGRUPO A2.

CLASIFICACIÓN: Escala administración especial, subescala servizos especiais, clase prazas cometidos especiais.

4.- NÚMERO DO POSTO VINCULADO Á PRAZA CONVOCADA: 1339.

4.1.- DENOMINACIÓN DO POSTO: TÉCNICO/A XESTIÓN MEDIO AMBIENTAL.

4.2.- ADSCRICIÓN: Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente. Servizo de Medio Ambiente, sen prexuízo de que por necesidades motivadas do servizo poidan prestalos en unidades diferentes da Entidade conforme ás normas contidas no Regulamento de Acceso, Promoción e Provisión de Postos de Trballo da Deputación (BOP 30/09/2006).

4.3.- FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO:

Realizar, formar e redactar os proxectos, informes, estatísticas e cantas tarefas sexan necesarias encamiñadas a dinamización, difusión, posta en marcha e seguimento de proxectos de economía sostible en materia medio ambiental para o que lle habilita a titulación esixida para o acceso á praza convocada.

5.- REQUISITOS INDISPENSABLES. TITULACIÓN ACADÉMICA:

Estar en posesión do título universitario de:

a) Grao ou, se é o caso, a equivalente Licenciatura: Graduado en Enxeñería Química, Graduado en Bioquímica e Bioloxía, Graduado en Química, Graduado en Bioloxía, Graduado en Biotecnoloxía, Graduado en Ciencias Ambientais, Graduado en Bioquímica, Graduado en Enxeñería Forestal (nas súas diversas denominacións, tal como Graduado en Enxeñería Forestal e do Medio Natural).

b) Enxeñería Técnica Forestal (nas súas diversas denominacións).

c) ou ter aprobados os tres primeiros cursos das seguintes titulacións: Enxeñeiro Químico, Licenciado en Bioloxía, Licenciado en Biotecnoloxía, Licenciado en Ciencias Medio Ambientais, Licenciado en Química.

6.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4

7.- PROGRAMA.

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. A Xefatura do Estado. As cámaras lexislativas: Congreso e Senado. O Goberno e a Administración Pública. O Consello Xeral do Poder Xudicial e a organización xudicial española.

Tema 2.- As Comunidades Autónomas na Constitución Española de 1978. Competencias das Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

Tema 3.- Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.

Tema 4.- Sometemento de da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do Dereito Público. A Lei e o Regulamento. Ordenanzas, Regulamento e Bandos na Administración Local.

Tema 5.- A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 056 do 10/03/2011): Órganos de decisión colexiados e unipersonais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa.

Tema 6.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas. Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 7.- O medio ambiente. Marco conceptual e normativo: acordos internacionais, normativa europea, estatal e autonómica.

Tema 8.- Dereitos de acceso á información, de participación e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente. Marco normativo. Información ambiental, dereito de acceso e participación cidadá. Modalidades de acceso á información e excepcións.

Tema 9.- A Axenda Local 21. Marco conceptual. A Carta de Aalborg. Metodoloxía para a implantación dun proceso de Axenda 21. Desenvolvemento da Axenda 21 Local en España.

Tema 10.- A Lei de Avaliación Ambiental. Obxecto e ámbito de aplicación. Procedementos de avaliación ambiental estratéxica e avaliación de impacto ambiental.

Tema 11.- A autorización ambiental integrada. Marco normativo e descrición. Supresión da licenza municipal de actividade e réxime de comunicación previa.

Tema 12.- A responsabilidade ambiental. Normativa aplicable. O réxime de responsabilidade ambiental.

Tema 13.- A compra verde na administración pública. Marco normativo. Normas, estándares e certificacións aplicables. Etiquetas. A etiqueta ecolóxica europea. Caso práctico da Deputación de Lugo.

Tema 14.- O réxime legal dos residuos: Lei 22/2011. Características da Lei. Principais novas. Ámbito de aplicación. Obxectivos.

Tema 15.- Concepto de residuo. Clasificación de residuos. A xestión dos residuos domiciliarios en España.

Tema 16.- Contaminación de solos. Marco normativo. Tipos de contaminación e de contaminantes. Tratamentos de descontaminación.

Tema 17.- O ciclo integral da auga. Competencias das entidades locais. Marco normativo estatal e autonómico.

Tema 18.- Depuración de augas residuais urbanas. Pretratamento primario, tratamento secundario, tratamento terciario. Foxas sépticas. Xestión dos fandos.

Tema 19.- Contaminación atmosférica: marco normativo. A atmosfera, conceptos básicos e control da contaminación atmosférica.

Tema 20.- Contaminantes atmosféricos: natureza, clasificación, métodos de detección, transporte. Efectos da contaminación atmosférica e focos emisores.

Tema 21.- Os compromisos internacionais de conservación da natureza. Directiva 79/409/CEE relativa á conservación de aves silvestres. Directiva 92/43/CEE relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flores silvestres. Convenio RAMSAR. Programa MaB. Aplicación en Galicia.

Tema 22.- Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade. Instrumentos para o coñecemento e a planificación. Catalogación, conservación e restauración de hábitats e espazos de patrimonio natural. Conservación da biodiversidade.

Tema 23.- A custodia do territorio. Definición, acordos de custodia, fomento. Caso práctico da Deputación de Lugo.

Tema 24.- A xestión dos espazos naturais protexidos: categorías, protección, declaración, efectos e instrumentos de planificación e xestión.

Tema 25.- Convenio Ramsar. Aplicación en Galicia. Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.

Tema 26.- A paisaxe. Convenio Europeo da Paisaxe. Lei de protección da paisaxe de Galicia. Instrumentos para a súa protección, xestión e ordenación. A estratexia da paisaxe de Galicia.

Tema 27.- O programa Mab da UNESCO. Rede Mundial de Reserva da Biosfera. Redes IberomaB e EuroMaB.

Tema 28.- O Programa MaB en España. Rede Española de Reservas da Biosfera. Reservas da Biosfera en Galicia.

Tema 29.- A Reserva da Biosfera Terras do Miño: declaración, órganos de xestión, plan de acción e zonificación.

Tema 30.- A Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses: declaración, órganos de xestión, plan de acción e zonificación.

Pazo Provincial de Lugo, 25 de maio de 2017 O SECRETARIO, Cristobal Victor Fraga Bermejo.

R. 1483-2

CONCELLOS

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobadas polo Decreto de Alcaldía Nº. 218/2017, de data 30 de maio de 2017, expóñense ao público as bases e a convocatoria para a selección de un (1) arquitecto con carácter temporal (funcionario interino) para prestar servizos ao Concello de Castro de Rei. O prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, a contar desde o seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

“BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE UN (1) ARQUITECTO CON CARÁCTER TEMPORAL (FUNCIONARIO INTERINO) PARA PRESTAR SERVIZOS AO CONCELLO DE CASTRO DE REI.

BASES XERAIS PROCESOS SELECTIVOS TEMPORAIS DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO (REGULADO NO ARTIGO 10 DO TRLEBEP).

1.- CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto establecer o procedemento de selección temporal no Concello de Castro de Rei para o acceso á condición de funcionario interino nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP).

A prazas/postos/funcións que se convocan así como as funcións a desempeñar sinálanse no Anexo I das presentes bases.

O persoal seleccionado prestará servizos no concello para realizar as tarefas sinaladas no Anexo I das presentes bases,

O anuncio do extracto da convocatoria, e as bases do proceso selectivo publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

2.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES:

Os aspirantes deberán manifestar na solicitud que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data de remate do prazo de presentación de instancias e que están en condicións de acreditarlos, unha vez superadas as probas selectivas, antes de que se dite resolución de nomeamento, agás no suposto de compatibilidade, que é suficiente a acreditación antes do inicio da relación de servizo.

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que aspira.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Posuír a titulación académica esixida nas bases específicas e no Anexo II das presentes bases.

No caso de Titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

- f) Cumprir, no momento do nomeamento, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, os aspirantes seleccionados comprométense a renunciar á mencionada actividade.

3. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo II destas bases e que tamén se facilitará no Concello ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, neste caso deberá comunicar ao Concello a súa presentación por medio de fax, antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes. As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo persoal do Servizo.

O prazo de presentación será de 10 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e das bases no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen. Os méritos relacionados acreditaranse conforme se establece na base 4.2.

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas, dita resolución publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello, outorgando un prazo máximo de 2 días naturais para que os excluídos aleguen o que consideren, a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional no taboleiro de anuncios. De considerar as alegacións presentadas, aprobarase a lista definitiva, que se publicará no mesmo lugar que a provisional. De non existir alegacións á lista provisional ou se os seus fundamentos non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no taboleiro de anuncios do concello ou recurso contencioso administrativo diante do xulgado contencioso administrativo no prazo de 2 meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

4.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

4.1.- FOTOCOPIA DO DNI OU PASAPORTE

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

A obriga de presentar en tempo a solicitude, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

4.2.- MÉRITOS DEBIDAMENTE ACREDITADOS

Documentación acreditativa dos méritos.

Deberase acompañar a solicitude coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación coa praza/posto/función que se convoca.

a) Experiencia laboral.

- Para puntuar a experiencia laboral deberá presentarse obrigatoriamente o informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Os servizos prestados nas Administracións Públicas e organismos de dependente destas, acreditarase mediante certificacións de servizos prestados, expedidas polo organismo oficial no que se prestaron, especificando a praza, posto ou emprego desempeñado, o tempo de prestación do servizo. En ausencia da devandita certificación poderase acreditar mediante contratos, tomas de posesión ou/e nóminas.

- Os servizos prestados para a administración pública como autónomos, acreditaranse mediante as correspondentes copias compulsadas dos contratos de servizos. Así mesmo será necesario acompañar aos citados contratos de servizos a certificación da actividade que se desenvolveu polas persoas aspirantes, o tempo de duración e fotocopia compulsada do documento de alta no censo de actividades económicas.

- Os servizos prestados en Entidades privadas acreditaranse mediante contrato de traballo inscrito no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas nos que se acredite o emprego desempeñado.

- Se os servizos se prestaron neste Concello os aspirantes deberán solicitar, en instancia diferente á de participación no proceso selectivo, certificación que acredite ditos servizos. A instancia irá dirixida ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello e presentarse no Rexistro Xeral desta Entidade dentro do prazo de presentación fixado na convocatoria. As certificacións serán incorporadas directamente ao expediente, entregándose copia ao interesado se así o solicitase.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

b) Acreditación das titulacións académicas.

Deberá presentarse copia compulsada do título académico ou da acreditación do pagamento das taxas ao obxecto da súa expedición.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

5. - TRIBUNAL DE SELECCIÓN

5.1.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do TRLEBEP e estará integrado por 5 membros: Un presidente, tres vogais e un secretario que haberán de cumprir os requisitos sinalados na citada normativa.

Por cada membro do Tribunal nomearase un suplente.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por resolución do Sr. Alcalde- Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza/posto/función que se convoca.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

A composición do Tribunal publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello, xunto coas datas da realización das probas 72 horas antes de iniciarse estas.

5.2.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

6.- O SISTEMA DE SELECCIÓN SERÁ O CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE

7.- FASE DE OPOSICIÓN

Se fose necesario polo carácter urxente do procedemento selectivo, a fase de oposición e os exercicios da mesma poderán realizarse sen interrupción.

A fase de oposición consistirá nas seguintes probas:

7.1.- PROBA DE COÑECEMENTOS XERAIS E ESPECÍFICOS.

Nun exercicio de carácter teórico sobre:

a) Coñecementos xerais relacionados coa Administración Pública en xeral e coa Administración Local en particular.

b) Coñecementos específicos en relación co posto de traballo a desempeñar e/ou as funcións a realizar.

Os contidos desta proba estarán referidos ao programa sinalado nas Bases Específicas.

Este exercicio terá carácter teórico e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de catro horas a 3 temas elixidos por sorteo polo tribunal dos que figuran nas bases específicas. Un destes temas corresponderá á parte de temario xeral e dous á parte de temario específico. Valorarase a formación e nivel de coñecementos, tendo en conta tamén a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de comprensión e de síntese.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 10 puntos

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

7.2.- PROBA PRÁCTICA

Este exercicio terá carácter teórico e eliminatorio.

Consistirá nun exercicio práctico con varias cuestións relacionadas coas funcións a desempeñar. Resolverase no tempo máximo de dúas horas.

Para a realización do suposto práctico as persoas aspirantes poden en todo momento, facer uso dos textos legais e das coleccións de xurisprudencia dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios nin formatos dixitais.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 10 puntos.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

7.3.- PROBA DE GALEGO

O artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece:

“...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente...”

En cumprimento do sinalado a proba de galego consistirá na tradución nun tempo máximo de 1 hora dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, ou estudos equivalentes, en relación co disposto nas Bases Específicas.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

8.- FASE DE CONCURSO

8.1.- BAREMO DE MÉRITOS

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL

Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 5 puntos.

a) Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo ou similar ao que se convoca, ou realizar as funcións deste, na Administración Pública, ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, como funcionario ou contratado laboral: 0.20 puntos por cada mes traballado.

b) Cando a experiencia profesional acreditada fose desempeñada en Entidades Privadas, no caso que se desempeñe o mesmo posto de traballo ou similar, valorarase a razón de 0.10 puntos por cada mes traballado.

B) TITULACIÓNS ACADÉMICAS:

A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos.

A titulacións académica: calquera titulación académica oficial de igual ou superior nivel ao esixido para o desempeño do posto de traballo para prover, con exclusión da que sexa necesaria para o acceso ó posto: 1,5 puntos por título, cun máximo de 3 puntos.

9. - CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

No suposto de empate nas puntuacións, o desempate resolverase a favor do aspirante con maior puntuación na fase de oposición; de persistir empate polo que obtivese maior puntuación polo apartado de experiencia profesional, se seguira persistindo o empate polo que obtivese maior puntuación polo apartado de titulación académica.

10. - PROPOSTA DE SELECCIÓN

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía- Presidencia, sen que esta poida superar o número de prazas/postos/funcións convocados. Dita proposta publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello.

O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que sen ser seleccionados aprobaron todas as probas para posibles substitucións no supostos de que se produza incidencias en relación á praza/posto/función convocada.

Non obstante o anterior, sempre que os órganos de selección propuxeran o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios interinos.

11.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión.

b) Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

d) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados xustificando ter feito o pagamento dos dereitos para a súa expedición.

f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria

O prazo de presentación será de 5 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no Taboleiro de Edictos, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

12. - RESOLUCIÓN E TOMA DE POSESIÓN

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder ás prazas/postos/funcións que se convocan, a Presidencia resolverá o procedemento selectivo nomeando funcionarios interinos aos aspirantes propostos e formalizando as tomas de posesión.

13.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso- Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes.

14.- RECURSOS

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria e que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente do Concello, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.”

ANEXO I.- DESCRIPCIÓN DO POSTO DE ARQUITECTO (GRUPO A-1) QUE PRESTARÁ SERVIZOS AO CONCELLO DE CASTRO DE REI.

FUNCIÓNS:
Función de xestión urbanística municipal, co obxecto de dotar de soportes técnicos aos órganos decisorios, de conformidade cos procedementos establecidos pola Corporación e a lexislación sectorial aplicable.
TAREFAS:
<ol style="list-style-type: none"> 1.- Levar a asistencia técnica en materia de protección de legalidade urbanística e ambiental comprendendo a inspección e o levantamento de actas de inspección. 2.- Atender e informar aos usuarios en asuntos relacionados con urbanismo, obras e servizos. 3.- Elaborar, tramitar e emitir informes técnicos sobre licencias de obras (nova rehabilitación, reconstrucións), expedientes de actividade e apertura ou outras relacionadas coa materia urbanística. 4.- Elaborar estudos, informes e proxectos de obras así como elaboración de estudos e plans de seguridade na execución de obra ou servizo municipal. 5.- Dirixir as obras municipais. 6.- Dirixir, comprobar, inspeccionar e controlar as obras privadas ou municipais de edificios ou de urbanización. 7.- Realizar as oportunas visitas coa finalidade de elaborar informes. 8.- Tramitar todos os expedientes relacionados coa materia, como planeamento, xestión e execución urbanística. 9.- Rexistrar e controlar os expedientes de licencias urbanísticas. 10.- Realizar a fixación de aliñacións, interpretación de planos e instrumentos de planeamento urbanístico. 11.- Dirixir, controlar, realizar seguimento e propoñer a resolución de problemas existentes no funcionamento de dotacións e servizos públicos municipais (vías públicas, espazos libres, servizos urbanos, equipamentos, recollida de lixo, transporte de viaxeiros), así como organizar e propoñer a conservación, mellora e xestión. 12.- Realizar valoracións periciais e informes sobre bens de titularidade pública, patrimoniais e comunais previstos na lexislación local, especialmente relativos ao alleamento, adquisición, permuta e arrendamento. 13.- Xestionar, informar, inspeccionar, tramitar, colaborar e asesorar ao Concello en materias urbanísticas e de planeamento. 14.- Calquera outra tarefa encomendada cando sexa necesaria.
COÑECEMENTOS ESPECÍFICOS
<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecementos de urbanismo e planeamento. 2. Coñecementos de informática. 3. Coñecementos técnicos sobre xestión organizativa. 4. Coñecementos sobre procedementos administrativos. 5. Manexo de aplicacións informáticas en relación con bases xurídicas. 6. Coñecementos sobre prevención de riscos laborais. 7. Coñecemento sobre lei de protección de datos.”

“ANEXO II

CONCELLO DE CASTRO DE REI

I.- DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO:

- DENOMINACIÓN: ARQUITECTO MUNICIPAL (GRUPO A-1).
- RÉXIME XURÍDICO: FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1 A) DO TRLEBEP).
- DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA:/...../2017.

II.- DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI.:	TELÉFONO FIXO: MÓBIL:	
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

III.- EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a) Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que aspiro.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Ter a titulación académica esixida para tomar parte no proceso selectivo: Título de arquitecto/a ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto/a.
- f) Cumprir, no momento do nomeamento, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

mesmo, manifesto que solicito a adaptación das probas polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

IV.- SOLICITO:

Ser admitido/a á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

..... de de 2017.

(Asinado)

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CASTRO DE REI.

En virtude da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que proporcione serán tratados polo Concello do Castro de Rei coa única finalidade de tramitar a solicitude. Poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito ao Concello de Castro de Rei, Praza Maior, 1.- 27250 Castro de Rei.

• **MÉRITOS QUE DEBERÁN SER APORTADOS E ACREDITADOS POLOS ASPIRANTES (BASE 8).**

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 5 puntos)

a) Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo ou similar ao que se convoca ou realizar as funcións deste na Admón. Pública ou organismos autónomos de carácter Administrativo dependentes da mesma como funcionario ou contratado laboral.	
	Puntuación:

b) Experiencia profesional desempeñada en Entidades Privadas.	
	Puntuación:

B) TITULACIÓN ACADÉMICAS DISTINTAS Á ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA/POSTO/FUNCIÓN (Máximo 3 puntos).	
	Puntuación:

- Certificado de acreditamento do coñecemento da lingua galega CELGA nivel 4 ou validación ao mesmo nivel.”

“BASES ESPECÍFICAS

1º.- Nº DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 1

2º.- DENOMINACIÓN: ARQUITECTO/A

3º.-ADSCRIPCIÓN: ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICO SUPERIOR, GRUPO A1.

4º.- FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO OPOSICIÓN

5º.- RELACIÓN XURÍDICA COA ENTIDADE: Funcionario Interino (Art. 10.1 apartado A) do EBEP), “Existencia de praza vacante, cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira”.

6º.- TITULACIÓN ACADÉMICA ESIXIDA PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO: Título de Arquitecto/a ou Graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto/a.

7º.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO PARA NON REALIZAR A PROBA SINALADA NA BASE 7.3: Celga 4 ou equivalente.

8º.- CONTIDO FUNCIONAL DO POSTO DE TRABALLO.

As funcións a desempeñar pola persoa funcionaria interina que ocupe a praza e posto de arquitecto/a serán:

Facer xestión urbanística municipal, ao obxecto de dotar de soportes técnicos aos órganos decisorios, de conformidade cos procedementos establecidos pola Corporación e a normativa sectorial aplicable.

Desenvolver as tarefas propias de Arquitecto, con especial atención ás especificadas no Anexo I das Bases xerais.

Aquelas outras que lle encomende o órgano municipal decisorio relacionadas cos contidos funcionais da praza ou similares.

9º.- PROGRAMA.

A) TEMARIO XERAL

Tema 1. - A Constitución Española de 1978. Estructura. Principios xerais. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2.- Organización territorial do Estado na Constitución: ideas xerais da administración central, autonómica e local.

Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estructura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma.

Tema 4.- O Réxime Local Español: principios constitucionais. Regulación xurídica. Distintas Entidades Locais.

Tema 5.- O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Finalización do procedemento. A obriga de resolver. O silencio administrativo.

Tema 6.- O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

Tema 7.- Revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos. O recurso contencioso-administrativo.

Tema 8.- O Municipio. Elementos. Territorio e Poboación. Ordenanzas e regulamentos municipais. Procedementos de elaboración.

Tema 9.- Os bens das Entidades Locais ao abeiro do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

Tema 10.- O Texto refundido da Lei reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Clases de empregados públicos. Situacións administrativas. Réxime disciplinario. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades.

B) TEMARIO ESPECÍFICO

Tema 1.- O marco legal do urbanismo en España. Competencias estatais e autonómicas. As sentencias 61/1997, 164/2001 e 141/2014 do Tribunal Constitucional. O RDL 7/2015 polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana: Estatutos básicos da cidadanía, iniciativa privada e propiedade do solo.

Tema 2.- A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Regulamento da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, e a Lei 3/2016, de 1 de marzo de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Tema 3.- Situacións básicas, clasificación e categoría do solo.

Tema 4.- Réximes do solo urbano e urbanizable.

Tema 5.- Réxime do solo de núcleo rural.

Tema 6.- Réxime do solo rústico.

Tema 7.- Planeamento urbanístico: Planeamento xeral. As normas subsidiarias e complementarias provinciais.

Tema 8.- Planeamento urbanístico: Planeamento de desenvolvemento.

Tema 9.- A execución dos plans. Distritos, sectores e unidades de actuación. Áreas de reparto e aproveitamento tipo. Polígonos. Actuacións sistemáticas e illadas. Proxectos de urbanización

Tema 10.- Protección da legalidade urbanística. Infraccións e sancións. Disciplina urbanística.

Tema 11.- Deber de conservación. Órdenes de execución e declaración de ruina.

Tema 12.- Intervención dos actos de uso do solo. Licencias, comunicacións previas e declaracións responsábeis.

Tema 13.- Licencias de actividade. Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Tema 14.- As licencias de primeira ocupación. Edificios fóra de ordenación ou incompatibles coa ordenación. Declaracións de obra nova terminadas ou en construción.

Tema 15.- A expropiación forzosa e responsabilidade patrimonial.

Tema 16.- Sistemas de valoracións. Valoracións urbanísticas e fiscais..

Tema 17.- A Lei 38/1999 de Ordenación da edificación. Axentes, responsabilidades e garantías. Redacción de proxectos e dirección de obras. Visados colexiais. O RD 1000/2010.

Tema 18.- Normativa de accesibilidade. A Lei 10/2014 de accesibilidade de Galicia e o Decreto 35/2000. O RDL 1/2013.

Tema 19.- A Lei 8/2012 de vivenda de Galicia. As vivendas de protección oficial.

Tema 20.- Normativa de habitabilidade. O Decreto 29/2010 polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

Tema 21.- O RD 314/2006 polo que se aproba o Código técnico da edificación. Disposicións xerais. Esixencias básicas. SE, SI,SUA,HR,HS e HE.

Tema 22.- CTE-SI.

Tema 23.- CTE-SUA.

Tema 24.- Certificación da eficiencia enerxética. RD 235/2013, Decreto 128/2016.

Tema 25.- Estradas e Augas. Lexislación sectorial.

Tema 26.- Patrimonio cultural e Camiño de Santiago. Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.

Tema 27.- RDL 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público. O RD 1098/2001 e o RD 773/2015, de 28 de agosto. Contratos de obras.

Tema 28.- Supervisión de proxectos. Pregos de prescricións técnicas.

Tema 29.- Medidas preventivas na construción. Seguridade e saúde, protección ambiental e control de calidade. A lexislación sobre residuos.

Tema 30.- Arrendamentos urbanos.”

Castro de Rei,30 de maio de 2016.- Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1567

O CORGO

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

O Sr. Alcalde, por Decreto de 27 de outubro deste ano, aprobou o Padrón provisional comprensivo dos suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de **taxa de recollida de lixo e TAXA POLO SERVICIO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) para o segundo SEMESTRE DE 2016.**

Por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago da taxa e canon indicados, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación deste edicto no BOP de Lugo, ó obxecto de que o Padrón poida ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o citado acordo polo que se inclúen os contribuíntes no Padrón así como contra a liquidación e efectividade da taxa de recollida de lixo, interporase, ante a Alcaldía, recurso de reposición no prazo dun mes a contar desde a notificación.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa notificación. No caso de resolución presunta o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo dun mes desde a interposición do recurso de reposición.

ANUNCIO DE COBRANZA

O prazo de ingreso, en periodo voluntario, será o comprendido entre o 12 de maio de 2017 e o 12 de xullo de 2017, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase na conta restrinxida número **ES10 2080 0156 4031 1000 0057**, ó nome deste Concello na oficina do Corgo de Novagalicia Banco.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados ós seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso na conta indicada. As persoas que teñan domiciliado o pago non terán que preocuparse, xa que o Concello remitirá á Caixa a relación de recibos para que se ingrese o seu importe na conta municipal citada.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 da citada Lei, procedéndose á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargos do período executivo serán os previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixírase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Corgo, 12 de maio de 2017.- O ALCALDE, José Antonio Ferreiro González

R. 1477

COSPEITO

Anuncio

LICITACIÓN

1.-Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Concello de Cospeito
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral
- c) Número do expediente: 523/2017

2.-Obxecto do contrato.

- a) Descrición do obxecto: Explotación da cafetería do edificio municipal do Miradoiro de Feira do Monte.
- b) Tipo: Contrato administrativo especial.
- c) Prazo de duración: 3 anos.
- d) Prórroga: 1 ano adicional, previa resolución expresa.

3.-Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.

4.-Obtención de documentación e información.

Entidade: Concello de Cospeito
Enderezo: Avenida Terra Chá, 29
Localidade e código postal: Cospeito – C.P: 27377
Teléfono: 982-520001
Fax: 982-520102
Perfil do contratante: www.contratosdegalicia.es

5.-Presentación de ofertas.

- a) Data límite de presentación: dentro do prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio de licitación no BOP, en horario de 9.00 a 14.00 horas.
- b) Hora límite: ata as 14.00 horas do derradeiro día do prazo de presentación.

c) Documentación a presentar: a sinalada na cláusula 11.^a do prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación.

SOBRE A: Declaración Responsable segundo modelo establecido na cláusula 11^a dos pregos.

SOBRE B segundo o modelo Anexo II.

SOBRE C segundo o modelo Anexo I.

d) Lugar de presentación: Concello de Cospeito. Rexistro Xeral: Avenida Terra Chá, 29 – C.P. 27377 – Cospeito.

6.-Criterios de adxudicación do contrato.

1) Oferta técnica. Proxecto de xestión (de 0 a 30 puntos). SOBRE B

1.1.-Enfoque do establecemento hosteleiro (de 0 a 15 puntos).

1.2.-Enfoque da promoción turística (De 0 a 15 puntos).

2) Oferta económica (de 0 a 30 puntos) SOBRE C

2.1.Canon mensual. (De 0 a 15 puntos).

2.2. Investimento inicial (De 0 a 15 puntos).

7.-Apertura das ofertas.

Data e hora: Terceiro día hábil seguinte ao de finalización do prazo de presentación de proposicións, pasando ao luns de rematar en sábado, ás trece horas na Casa do Concello de Cospeito.

8.-Outras informacións: A obter no lugar e polos medios indicados no punto 4 do presente anuncio.

9.-Gastos do adxudicatario.

Serán de conta do adxudicatario os gastos sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares.

Cospeito, 15 de maio de 2017.- Alcalde, Armando Castosa Alvaríño,

R. 1476

A PONTENOVA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DO PROFESORADO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DA PONTENOVA PARA O CURSO 2017 -2018.

POSTO DE TRABALLO : 4 prazas de profesorado de distintas especialidades para a contratación en réxime de laboral a tempo parcial, con destino á Escola Municipal de Música do Concello da Pontenova:

Especialidade	Horas Semanais
1 profesor de Guitarra	10 h/sem.
1 profesor de Percusión	17 h/sem.
1 profesor de Piano	17 h/sem.
1 profesor de Gaita Galega	10 h/sem.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello da Pontenova ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de sete (7) días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello da Pontenova, será necesario adiantala por fax, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

REQUISITOS DE TITULACIÓN: Título de profesor polo Conservatorio Oficial de Música (Grao Medio) na especialidade á que se opte ou Titulacións Equivalentes da Comunidade Europea Homologados.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso – Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición na Secretaría do Concello da Pontenova, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello: <https://concellodapontenova.sedelectronica.es>

Na Pontenova, a 30 de maio de 2017.- O Alcalde, Darío Campos Conde

R. 1568

VIVEIRO

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, procédese á seguinte CONVOCATORIA:

Son obxecto da presente convocatoria a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral eventual por circunstancias da produción, con cargo á subvención outorgada segundo a resolución de 29 de decembro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia, para a contratación dun traballador non incluído no cadro de persoal do Concello, rematando o período de contratación como data límite o 15 de setembro de 2017.

Visto o art. 11 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) polo que se establece que *“é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal”*.

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que *“todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”*.

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”*

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrència, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”*.

Visto o artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, referentes aos sistemas aplicables á selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo.

Visto o artigo 35.1 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, establece que *“[...] poderán proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo, [...]”*.

Os ditos contratos celebraranse conforme aos principios de mérito e capacidade, e axustándose ás normas de xeral aplicación na contratación deste tipo de persoal laboral e de acordo cos criterios de selección que se determinen [...]”.

Tendo en conta que a contratación de persoal en base ao convenio referido se realiza para cubrir servizos prioritarios do Concello co obxectivo de acadar un funcionamento eficaz dos servizos prioritarios en cuestión, e con fundamento en criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade de convocar o posto que a continuación se relaciona, para cubrir mediante a modalidade de contrato temporal eventual por circunstancias da produción o seguinte posto:

Nº EMPREGOS	DENOMINACIÓN	XORNADA	RELACIÓN LAB.
1	Técnico superior en información e comercialización turística	100%	Contrato temporal (modalidade contrato temporal eventual por circunstancias da produción).

Tendo en conta que na Xunta de Goberno Local de data 29 de maio de 2017 se aprobaron as bases xerais e específicas que rexerán este proceso selectivo, acordándose así mesmo a convocatoria do correspondente proceso selectivo e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

1º.- Acordar a convocatoria do presente proceso selectivo que se rexerá polas bases aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 29 de maio de 2017,

2º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As bases publicaranse na páxina web do concello (www.viveiro.es) e no taboleiro de edictos municipal.

Viveiro, 30 de maio de 2017.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 1569

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

Dª MARIA DEL CARMEN VARELA REBOLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000941 /2015 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de YEIN ALEXANDER PINZON NARVAEZ contra la empresa IONEL SORIN MINEA, sobre ORDINARIO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

Lugo, 9 de mayo de 2017.

Vistos por Fernando López-Gutián Castro, juez sustituto del **Juzgado de lo Social número Dos** de Lugo, los autos número 941/15 sobre RECLAMACIÓN DE CANTIDAD, en los que ha sido parte actora **D YEIN ALEXANDER PINZON NARVAEZ**, representado por la Letrada Dª teresa Burgo García, y parte demandada, la empresa "**MINEA IONEL SORIN**", en situación legal de rebeldía.

Que estimando la demanda formulada por **D YEIN ALEXANDER NARVAEZ**, contra la empresa **MINEA IONEL SORIN**, debo condenar y condeno a la empresa demandada a abonar al demandante la cantidad de 2.959,48 euros, a la que será de aplicación un recargo por mora del 10% anual.

Notifíquese esta sentencia a las partes y adviértase de que es firme, ya que contra la misma no cabe interponer recurso de SUPPLICACIÓN.

Así por esta mi Sentencia definitiva, lo pronuncio, mando y firmo.

Y para que sirva de notificación en legal forma a IONEL SORIN MINEA, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a dieciocho de mayo de dos mil diecisiete.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 1479

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES 84/2017 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de DON JESÚS NÚÑEZ MACIÑEIRAS contra "TJCV, S.L.", sobre DESPIDO, se ha dictado AUTO y DILIGENCIA DE ORDENACIÓN de fecha 18/05/2017 cuyas partes dispositivas son del tenor literal siguiente:

"Dispongo: Despachar orden general de ejecución de la sentencia de fecha 22-03-2017 dictada en los autos nº 777/2016 de este Juzgado a favor del ejecutante DON JESÚS NÚÑEZ MACIÑEIRAS frente a la empresa "TJCV, S.L.", parte ejecutada.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación.

El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante **recurso de reposición** a interponer en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la/s infracción/es cometida/s en la resolución, cumplimiento o incumplimiento de presupuestos y requisitos procesales exigidos y/o oposición a la ejecución despachada en los términos previstos en el art. 239.4 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe.”

“Habiendo presentado el trabajador DON JESÚS NÚÑEZ MACIÑEIRAS escrito exigiendo el cumplimiento por parte de la EMP. “TJCV, S.L.”, de la obligación de readmisión, y, habiéndose dictado auto acordando despachar la ejecución de sentencia dictada en los presentes autos, de conformidad al art. 280 de la LRJS, **ACUERDO:**

Citar de comparecencia a las partes con las advertencias legales y haciéndoles saber que deben asistir con los medios de prueba de que intenten valerse, y fijo el próximo día **DIECINUEVE DE JUNIO, A LAS ONCE VEINTE HORAS** para la celebración de la comparecencia.

De no asistir el trabajador o persona que le represente se le tendrá por desistido en su solicitud; si no lo hiciese el empresario o su representante se celebrará el acto sin su presencia.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante **recurso de reposición** a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo mando y firmo; doy fe.”

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a la EMPRESA “TJCV, S.L.”**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, dieciocho de mayo de dos mil diecisiete.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 1480

Anuncio

D/Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento SEGURIDAD SOCIAL 0000805 /2015 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/Dª MARIA DE LOS ANGELES FERNANDEZ CARRETE contra la empresa INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, TESORERIA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL , ROCHA Y BLANCO SL , MUTUA ASEPEYO , sobre SEGURIDAD SOCIAL, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

“**Acuerdo:** Tener por **desistido** a MARIA DE LOS ANGELES FERNANDEZ CARRETE de su demanda, y una vez firme esta resolución, se archivarán los autos.”

Y para que sirva de notificación en legal forma a ROCHA Y BLANCO SL, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a diecinueve de mayo de dos mil diecisiete.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 1481

Anuncio

D/D^a MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/D^a NEREA ALFONSO MONLEON contra FRANCISCO MARTINEZ COUTO, FOGASA, en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000757 /2015 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar** a FRANCISCO MARTINEZ COUTO, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día **26/9/2017 a las 10:30 horas**, en Planta 4 - Sala 8 - Edif. Xulgados, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **FRANCISCO MARTINEZ COUTO**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a diecinueve de mayo de dos mil diecisiete.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 1482

FE DE ERRATAS

Advertido erro no BOP N.º 123 do día 31 de maio de 2017, nas páxinas da 1 á 21 ambas as dúas incluídas, na parte superior :

Onde di:

Xoves, 31 de maio de 2017

Debe dicir:

Mércores, 31 de maio de 2017